

ANÁLISE DA ENQUISA SOCIOLINGÜÍSTICA

Durante o curso académico 2003-2004, o Equipo de Normalización Lingüística elaborou unha enquisa sociolingüística que distribuíu entre todos os membros da comunidade escolar, co obxectivo de coñecer a situación da lingua galega na EOI e utilizar os resultados como base para futuras accións normalizadoras.

En total, recolléronse 694 enquisas: 667 correspondentes a alumnos, 22 a profesores e 5 a persoal administrativo e de servizos. A enquisa estaba composta por un total de 46 preguntas, que se referían aos datos persoais dos enquisados, á súa competencia lingüística, á súa historia (socio)lingüística e aos seus usos (socio)lingüísticos na EOI.

Ao longo do curso 2004-2005, os membros do ENL analizaron os datos das enquisas recollidas. Para facilitar a análise decidiuse centrarse naquelas preguntas que se consideraron máis relevantes. En total, escolléronse 13 preguntas: 1 sobre a lingua inicial, 1 sobre o dominio do galego, 3 sobre usos lingüísticos en xeral, 3 sobre actitudes lingüísticas en xeral, 3 sobre usos lingüísticos na EOI e 3 sobre actitudes lingüísticas na EOI.

A continuación aparecen resumidos estes datos, primeiro de forma numérica e a continuación de forma gráfica.

Nº de enquisas revisadas:



Alumnado: 667 Profesorado: 22 PAS: 5




	ALUMNADO		PROFESORADO		PAS	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
En que lingua aprendeu a falar?						
Galego	177	26,54	3	13,64	2	40
Castelán	294	44,08	15	68,18	1	20
As dúas	179	26,84	1	4,55	2	40
Outras	17	2,55	2	9,09	0	0
Cal é o seu dominio do galego?						
Enténdeo moito	579	86,81	19	86,36	3	60
Enténdeo bastante	73	10,94	3	13,64	2	40
Enténdeo pouco	10	1,50	0	0	0	0
Enténdeo nada	1	0,15	0	0	0	0
Fálao moito	309	43,33	10	45,45	1	20
Fálao bastante	186	27,89	5	22,73	3	60
Fálao pouco	146	21,89	5	22,73	1	20
Fálao nada	21	3,15	2	9,09	0	0
Leo moito	291	43,63	10	45,45	1	20
Leo bastante	222	33,28	7	31,82	2	40
Leo pouco	160	23,99	5	22,73	2	40
Leo nada	16	2,40	0	0	0	0
Escríbeo moito	275	41,23	9	40,91	1	20
Escríbeo bastante	173	25,94	5	22,73	2	40
Escríbeo pouco	175	26,24	6	27,27	1	20
Escríbeo nada	35	5,25	2	9,09	1	20




Que lingua usa?						
Só castelán	88	13,19	6	27,27	0	0
Máis castelán	394	59,07	9	40,91	1	20
Máis galego	188	28,19	5	22,73	4	80
Só galego	77	11,54	2	9,09	0	0
Motivos polos que non fala galego:						
Por falta de fluidez	103	15,44	5	22,73		
Por ambiente castelán falante	231	34,63	7	31,82		
Porque nunca o falei	35	5,25	1	4,55		
Porque non me gusta falalo	11	1,65	1	4,55		
Outros	27	4,05	3	13,64		
En que lingua responde cando lle falan galego?						
Sempre en galego	454	68,07	15	68,18	4	80
Depende da persoa	137	20,54	3	13,64	0	0
Depende do lugar	19	2,85	1	4,55	1	20
Sempre en castelán	55	8,25	3	13,64	0	0
En que lingua responde cando lle falan castelán en Galicia?						
Sempre en castelán	339	50,82	15	68,18	0	0
Depende da persoa	219	32,83	4	18,18	3	60
Depende do lugar	33	4,95	2	9,09	1	20
Sempre en galego	70	10,49	0	0	0	0
Gustaríalle aprender ou mellorar o seu galego?						
Moito	229	34,33	8	36,36	3	60
Bastante	230	34,48	7	31,82	2	40
Indiferente	140	20,99	3	13,64	0	0
Pouco	22	3,30	2	9,09	0	0
Nada	16	2,40	1	4,55	0	0
Que lle parece que se potencie o uso do galego?						
Ben	587	88,01	17	77,27	5	100
Indiferente	52	7,80	4	18,18	0	0
Mal	9	1,35	1	4,55	0	0
Lingua na que fala cos compañeiros da EOI:						
Só castelán	140	20,99	4	18,18	0	0
Máis castelán	247	37,03	11	50	1	20
Máis galego	140	20,99	4	18,18	3	60
Só galego	129	19,34	3	13,64	1	20
O profesorado da EOI, cando non se expresa na lingua que ensina, debería facelo:						
En galego	168	25,19	6	27,27	4	80
Nas dúas	203	30,43	4	18,18	0	0
En castelán	39	5,85	3	13,64	0	0
É indiferente	235	35,23	8	36,36	1	20
Se o/a profesor/a se dirixe a Vde. na clase en galego, parécelle (só alumnado):						
Ben	487	73,01	-	-		
Indiferente	151	22,64	-	-		
Mal	4	0,60	-	-		




En que lingua se dirixe ao alumnado/público? (só profesorado e PAS)						
En galego	-	6	27,27	2	40	
Depende da persoa	-	5	22,73	2	40	
Nas dúas	-	6	27,27	0	0	
Depende do lugar	-	0	0	0	0	
Sempre en castelán	-	2	9,09	0	0	
Que lle parece que se potencie o uso do galego na EOI?						
Ben	537	80,51	17	77,27	5	100
Indiferente	106	15,89	4	18,18		
Mal	10	1,50	1	4,55		

Os seguintes gráficos mostran os resultados, primeiro por sectores (alumnado, profesorado e PAS) e a continuación para o conxunto dos membros da comunidade escolar.












En que lingua responde cando lle falan galego?




En que lingua responde cando lle falan galego?




En que lingua responde cando lle falan castelán en Galicia?




En que lingua responde cando lle falan castelán en Galicia?




Gustaríalle aprender ou mellorar o seu galego?




Gustaríalle aprender ou mellorar o seu galego?




Que lle parece que se potencie o uso do galego?






Que lle parece que se potencie o uso o galego?




Lingua na que fala cos compañeiros da EOI







Se o/a profesor/a se dirixe a vostede en galego, parécelle (só alumnado):




En que lingua se dirixe ao alumnado / público (só profesorado e PAS):



Que lle parece que se potencie o uso do galego na EOI?





ANÁLISE BREVE

Lingua inicial

Os datos indican que o castelán é a lingua na que aprendeu a falar a maior parte do alumnado (o 44,08%). Con todo, se se suman o alumnado que aprendeu a falar en galego (o 26,54%) e o que o fixo nas dúas linguas (o 26,84%), podemos concluír que a maioría do alumnado (o 53,38%) aprendeu o galego como unha das súas linguas iniciais.

Entre o profesorado, a proporción dos que aprenderon falar en castelán é moi superior: o 66,66% comparado co 13,33% que aprendeu a falar en galego. Se se suman os que aprenderon a falar en galego e mais os que aprenderon nas dúas linguas (o 6,66%), a proporción segue a ser moi inferior: só o 19,99% do profesorado ten o galego como unha das súas linguas iniciais.

O persoal administrativo e de servizos (PAS) é o único sector da EOI no que a maior parte aprendeu a falar en galego (o 40%) ou nas dúas linguas (o 40%). Só o 20% do PAS ten o castelán como lingua inicial.

Dominio do galego

En xeral, o dominio das catro destrezas é alto. Como indica o segundo gráfico, o 97,84% de todos os membros da comunidade escolar afirman entender o galego “moito ou bastante”, o 73,63% fálano moito ou bastante, o 76,8% léno moito ou bastante e o 67% escríbeno moito ou bastante. Aprézase un lixeiro descenso nas destrezas productivas, sobre todo na escritura, en todos os sectores.

Lingua habitual

Entre o alumnado, conséctase a tendencia ao bilingüismo, pero con predominio do castelán. Só o 11,54% do alumnado é monolingüe en galego, e só o 13,19% é monolingüe en castelán. Agora ben, o 59,07% do alumnado bilingüe fala “máis castelán”, comparado co 28,19% que fala “máis galego”.

Entre o profesorado, os datos tamén subliñan a tendencia a empregar as dúas linguas, pero a porcentaxe do profesorado monolingüe en castelán é moito máis alta (o 27,27%) e a porcentaxe do profesorado monolingüe en galego é moito máis baixa (o 9,09%). Como sucedía co alumnado, a porcentaxe do profesorado que fala as dúas linguas favorece o castelán (o 40,91% fala “máis castelán” e o 22,73% fala “máis galego”).

A tendencia invírtese entre o PAS. Neste sector non hai falantes monolingües, e os bilingües decántanse polo galego (o 80% fronte ao 20%).

Con todo, os datos xerais indican que a tendencia maioritaria entre todos os membros da comunidade escolar é a falar “máis castelán”, e esta tendencia queda reflectida nos usos lingüísticos dentro da EOI. Entre o alumnado os usos monolingües están máis ou menos equilibrados; o 20’99% só fala castelán e o 19’34% só fala galego. Con todo, se lles sumamos a estas cifras as porcentaxes dos que falan máis castelán e máis galego, vemos que a porcentaxe do alumnado que favorece o castelán é superior (58,02%) á porcentaxe que favorece o galego (40,33%).

No caso do profesorado esta tendencia é aínda máis marcada: o 68,18% do profesorado fala só castelán ou máis castelán cos compañeiros da EOI, comparado co 31,82% que fala só galego ou máis galego. Unha vez máis, a tendencia invírtese entre o PAS: o 80% fala só galego ou máis galego cos compañeiros da EOI, comparado co 20% que fala máis castelán.

En xeral, os principais motivos que se indican para non falar galego en todos os sectores son o ambiente castelán falante (o 34,29%) e a falta de fluidez (o 15,16%). Cabe subliñar que só unhas porcentaxes pequenas (o 1,65% do alumnado e o 4,55% do profesorado) mostran unha actitude negativa (“porque non me gusta falalo”).

Usos lingüísticos

Os datos xerais indican que a maior parte dos membros da comunidade escolar (o 68,16%) responde sempre en galego cando lle falan galego, aínda que unha porcentaxe importante (o 20,17%) indica que depende da persoa. Cabe destacar que a porcentaxe de profesorado que responde sempre en castelán (o 13,64%) é algo máis alta cá porcentaxe de alumnado que fai o mesmo (8,25%).

Do mesmo xeito, a maior parte os membros da comunidade escolar (o 50,83%) responden sempre en castelán cando lles falan castelán en Galicia, e para os demais, o factor

máis importante que determina a lingua utilizada en todos os sectores volve ser a persoa coa que falan. Cómpre salientar que un 10,49% do alumnado contesta sempre en galego, algo que non sucede nos outros dous sectores.

No caso do profesorado, o 27,27% emprega o galego para dirixirse ao alumnado e unha porcentaxe similar emprega as dúas linguas. Para un 22,73%, a lingua empregada depende da persoa coa que falen, e un 9,09% emprega sempre o castelán. O 40% do PAS diríxese ao público en galego e para outro 40%, depende da persoa.

Atitudes lingüísticas

En xeral, as actitudes cara a aprendizaxe, a potenciación e o uso do galego son moi positivas nos tres sectores. Ao 68,81% do alumnado, 68,18% do profesorado e ao 100% do PAS gustaríalles moito ou bastante mellorar o seu galego. Aprézase unha actitude lixeiramente máis negativa entre o profesorado: ao 13,64% do profesorado gustaríalles pouco ou nada mellorar o seu galego, unha porcentaxe algo máis elevada cá correspondente ao alumnado (o 5,70%).

Do mesmo xeito, á gran maioría dos tres sectores parécelles ben que se potencie o uso do galego. A porcentaxe máis alta é a do PAS (100%), seguida do alumnado (88%) e do profesorado (77,27%). Con todo, para o 18,18% do profesorado a potenciación do galego é “indiferente” (comparado co 7,80% do alumnado) e ao 4,55% parécelles “mal” (comparado co 1,35% do alumnado). As porcentaxes son moi similares cando se pregunta sobre potenciación do uso do galego no contexto específico da EOI.

No que se refire ao uso do galego nas aulas, para a maioría dos enquisados a lingua que emprega o profesor cando non se expresa na lingua que ensina é “indiferente” (35,23% do alumnado e 36,36% do profesorado), aínda que o 80% do PAS pensa que se debería empregar o galego. Mentres que só o 5,85% do alumnado pensa que o profesorado debería expresarse en castelán, a porcentaxe do profesorado que ten esta opinión é do 13,64%. Do mesmo xeito, á maioría o alumnado parécelle “ben” (73,01%) que o profesor ou profesora se dirixa a eles en galego, e para o resto é “indiferente”. Só a unha porcentaxe moi pequena (o 0,6%) lles parece “mal”.

Conclusións

A pesar de que o castelán segue a ser a lingua de uso maioritario tanto para profesores como para alumnos, cómpre sinalar que as condicións xerais parecen apropiadas para que o ENL desenvolva o seu labor de concienciación.

En primeiro lugar é importante subliñar que a maioría dos membros da comunidade escolar aprenderon o galego como unha das súas linguas iniciais e consideran que teñen un bo

dominio do lingua. Isto quere dicir que teñen a capacidade de expresarse na nosa lingua se se potencia adecuadamente o seu uso.

En segundo lugar, na maioría dos casos, a principal razón pola que non se fala galego é pola existencia dun ambiente castelán falante, non por unha actitude negativa cara a lingua. Isto significa que potenciar un ambiente galego falante na EOI podería conseguir que máis xente se decantase polo galego. Así o parece confirmar o dato que indica que a maioría dos enquisados responde sempre en galego se se lles fala en galego.

En terceiro lugar, as actitudes cara ao fomento do uso do galego e cara ao propio uso do galego na EOI son maioritariamente positivas.

Por todos estes motivos, se o ENL segue a traballar para aumentar a súa presenza visible na EOI e a crear un contorno que favoreza o uso do galego, tanto nas actividades lectivas como non lectivas, seguirá avanzando para acadar un dos seus obxectivos principais: que a lingua galega se convirta na lingua de uso e relación habitual na EOI.